

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples

Praza Luis Seoane - 15008 A CORUÑA - Telf.: 981 18 59 02 - 981 18 59 03

Resolución de 26 de xuño de 2002, do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña pola que se resolve o expediente nº 360 e 362 acumulados que afecta ó monte "Castelo Grande e Pedregal e Bolantón", da parroquia de Santa Mariña de Esteiro, concello de Muros:

"Reunido o 26 de xuño de 2002 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a presidencia do delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente, D. Higinio J. Sánchez-Rodilla Fuentes, coa asistencia dos vocais, Josefa Fernández Fernández, xefa do Servicio de Montes e I.F., Alfonso Vázquez Castro-Garma, letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta de Galicia, Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, José Manuel Caramés Franco, representante das comunidades veciñais de Montes en Man Común, e da secretaria Ana María Díaz López, xefa do Servicio Xurídico da Delegación de Medio Ambiente da Coruña, para estudar e resolve-lo

Expediente: 360 e 362 acumulados
Monte: Castelo Grande e Pedregal e Bolantón
Comunidade: Parroquia de Sta. Mariña de Esteiro
Parroquia: Esteiro
Concello: Muros

ANTECEDENTES DE FEITO:

1º. Os veciños do lugar de Riomaor, parroquia de Esteiro, concello de Muros, solicitaron deste Xurado, con data 03.12.1999, a calificación como veciñal do expresado lugar, do monte Castelo Grande. Igualmente, os veciños da parroquia de Esteiro, concello de Muros, solicitaron con data 13.12.1999, a calificación dos montes Castelo Grande e Pedregal e Bolantón. A totalidade do monte do que se pretende a calificación ten as seguintes características:

Superficie: 582,62 Ha.
Lindeiros:

A) Monte Castelo Grande. É o monte Castelo Grande, nº 113 do C.U.P. Integrado por dúas parcelas, cunha superficie de 121,20 Ha.

Parcela 1ª. NORTE: Con propiedades particulares da Laxe, ata o sitio denominado Costa de Rameira, límite do termo do concello de Outes. LESTE: A partir do último punto, coa liña divisoria dos concellos de Muros e Outes e propiedades particulares do lugar de Riomaor. SUR: Propiedades particulares de Riomaor. OESTE: Coa finca "Riva Tras La Agra", estrada de Esteiro a Silvosa e fincas particulares dos lugares da Laxe e Silvosa.

Parcela 2ª. NORTE, LESTE e SUR: Con propiedades particulares do lugar de Riomañor. OESTE: Muro da casa de Manuel Nieto e propiedades particulares do lugar de Riomañor.

B) Monte Pedregal e Bolantón. Coincide co monte Pedregal e Bolantón, nº 132 do C.U.P., cunha superficie de 461,42 Ha. NORTE: Monte Cadaval, Ruña e outros e Bedelo, dos concellos de Mazaricos e Outes, respectivamente. LESTE: Rego de Muíño e propiedades particulares dos veciños de Silvosa e Esteiro. SUR: Mais propiedades particulares dos veciños de Esteiro. OESTE: Monte Tal, Bornallo e Calvo e outros, das parroquias de Tal, Abelleira e Torea, respectivamente, e propiedades particulares de veciños de Marselle.

2º. A vista de tales solicitudes, o Xurado, na súa reunión do 10.05.2001, acordou iniciarlos oportunos expedientes, nomeándose como Instructores dos mesmos a Juan Ramón Beneyto Bellas, e Ana María Díaz López, que aceptaron expresamente ditos cargos. Procedeuse á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Muros, oídas tódalas persoas, organismos e corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ó alcalde-presidente do concello de Muros, ó xefe do Servicio de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (nº 172 de 05.09.2001 e nº 173 de 06.09.2001), taboleiro de anuncios do concello e lugares de costume.

3º. Os veciños de Riomañor, e os veciños da parroquia de Esteiro fundamentan as súas peticións ante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común no aproveitamento consuetudinario, en réxime de comunidade e sin asignación de cuotas, dos montes correspondentes a ditos lugares.

Os veciños do lugar de Riomañor presentan copia de documentos privados de cupos particionais do monte de dito lugar efectuados no ano 1930, do establecemento dunha concesión administrativa para pastoreo de 1963, e doutra concesión para repoboación establecida en 1929 -esta última non verificada-. Pola súa parte os veciños da parroquia de Esteiro presentan copia de acta de manifestacións de persoas de avanzada idade da parroquia, na que afirman a condición de veciñal do monte.

4º. Ante os citados expedientes presentáronse sendas alegacións referidas ao monte Castelo Grande. Por parte do lugar de Riomañor, reclamando a pertenza e aproveitamento exclusivo de tal monte, e extendendo a súa petición ao lugar da Laxe, mentres que os veciños da parroquia de Esteiro negan tal aproveitamento exclusivo, e afirman que o monte tamén ven sendo aproveitado por veciños doutros lugares, entre outros A Laxe e Silvosa.

50. Na tramitación destas actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de procedemento administrativo e demais disposicións aplicables ó caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

10. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer destes expedientes en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

20. De conformidade co contido do artigo 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, os veciños do lugar de Riomaior e os da parroquia de Esteiro, son parte lexítima para solicita-la iniciación dos presentes expedientes.

30. Para a súa calificación como veciñal en man común, o monte debe reuni-las seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artigos 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento do 4 de setembro de 1992).

40. Das actuacións obrantes nos expedientes, e en especial da comprobación do expresado no punto anterior, considérase acreditada a natureza veciñal dos montes Castelo Grande e Pedregal e Bolantón.

50. Non se puido demostra-la pertenza ou o aproveitamento exclusivo do monte Castelo Grande polos veciños de Riomaior. As escrituras de cupos de 1930, meramente descritivas, non conteñen referencias que acrediten unha orixe diferenciada do resto do monte, que ten atribuída a súa pertenza á parroquia de Esteiro xa desde a súa inclusión no C.U.P. no 1901. Tampouco a existencia de concesións administrativas a favor dos veciños de Riomaior permite demostrar un aproveitamento exclusivo, pois regulan aproveitamentos de natureza diferente ó veciñal, que poden coexistir con outros tipos de aproveitamentos tanto dos propios veciños de Riomaior como doutros lugares da parroquia. Finalmente, uns e outros documentos refírense a só unha parte do monte Castelo Grande. En relación ao conxunto do monte, non hai constancia, e parece improbable, que houbera aproveitamentos en réxime de comunidade por parte de Riomaior e A Laxe exclusivamente.

Sen embargo existen suficientes referencias, tanto no informe do Servizo de Montes, como no expediente do deslindamento, como pola situación xeográfica de outros lugares próximos ao monte Castelo Grande, de que os aproveitamentos viñan realizándose indistintamente por tódolos lugares da parroquia de Esteiro.


En consecuencia este Xurado decide a acumulación de ámbolos dous expedientes, agrupando os montes solicitados e atribuíndo a súa pertenza á parroquia de Esteiro, titularidade que xa tiña atribuída desde a súa inclusión no Catálogo de Utilidade Pública da provincia no ano 1901, e reafirmada no deslindamento de tales montes.

Por iso, éste Xurado, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, por proposta dos Instructores,

ACORDA calificar como veciñal en man común o monte Castelo Grande e Pedregal e Bolantón, de pertenza da parroquia de Santa Mariña de Esteiro, concello de Muros, coas características que figuran no primeiro antecedente desta resolución. Asimesmo, acorda excluí-lo declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndolo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación de Medio Ambiente da Coruña".


A Coruña, 12 de xullo de 2002

Vº e Pr.
O PRESIDENTE DO XURADO,



Asdo. Higinio J. Sánchez-Rodilla Fuentes

A SECRETARIA DO XURADO,



Asdo. Ana María Díaz López



DESLINDE TOTAL DEL MONTE
CASTELO GRANDE


PARRQUIA DE ESTEIRO
AYUNAMIENTO DE MUROS



SUPERFICIE 121.20,30 HAS.

ESCALA 1:5000

DETALLE DE LA RECTIFICACION
ESCALA 1:2000



LA CORUÑA MARZO 1983
EL INGENIERO

AYUNTAMIENTO DE OUTES
MONTE BEDELO

PARROQUIA DE ABELLEIRA
MONTE BORNALLO Y COSIA
DE PAIDO 152 223 177 del C.U.P.

PARROQUIA DE TALA
MONTE TALA
Nº 127 DEL CATALOGO DE UTILIDAD PUBLICA

DESLINDE TOTAL DEL MONTE
PEDREGAL Y BOLANTON
Nº 132 del C.U.P.
PARROQUIA DE ESTEIRO
AYUNTAMIENTO DE MUROS
Escala 1:5.000

Superficie total..... 462,32 Has.
enclavados..... 0,90
publica..... 461,42

LA CORUÑA, DICIEMBRE DE 1964
EL INGENIERO OPERADOR

N.M. N.V.

